

Nigrán abre inscricións para participar das celebracións do Samaín no concello.

Escrito por Redaccion @valminorinfo
Venres, 16 Outubro 2015 20:19



A inscrición para o concurso de cabazas talladas estará aberta do 26 ao 29 de outubro

O Concello de Nigrán organiza con motivo do Samaín varias actividades destinadas aos nenos, así como un concurso de cabazas talladas. O programa desenvolverase o día 31 de outubro de 10:30 ás 19:00 no Auditorio Municipal e terá o seguinte contido:

10:30 a 13:30- Realizaranse catro obradoiros (elaboración de farois de Samaín, bolsas de truco ou trato, caretas infernais e cociña do terror). Paralelamente haberá maquillaxe e xogos variados. As inscricións para participar nestas actividades realizaranse previamente ao inicio da actividade.

Concurso de cabazas talladas destinado a persoas entre 5 e 17 anos, organizado en dúas categorías: de 5 a 11 anos e de 12 a 17. As cabazas serán expostas o día 31 de outubro no Auditorio Municipal. As persoas interesadas en participar poderán inscribirse do luns 26 ao xoves 29 de outubro a través do teléfono 986383081, no correo electrónico omixnigran@nigran.org ou nas instalacións da Oficina Municipal de Información Xuvenil (estrada pola vía 65, antiga estación do tranvía, Panxón). As bases poderán ser consultadas na páxina web www.nigran.org (Áreas Municipais - Turismo, Xuventude e Igualdade – Documentación).

16:00 a 19:00 Exposición das cabazas talladas participantes no concurso

Nigrán abre inscricións para participar das celebracións do Samaín no concello.

Escrito por Redaccion @valminorinfo
Venres, 16 Outubro 2015 20:19

17:00 a 18:00 Teatro de títeres coa obra “Barriga verde”.